

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27007958	CPI Luís Díaz Moreno	Baralla	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Proxecto competencial	1º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	7
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	7
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	8
6. Medidas de atención á diversidade	8
7.1. Concreción dos elementos transversais	9
7.2. Actividades complementarias	9
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	10
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	10
9. Outros apartados	11

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 1º curso de Educación Primaria, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 155/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias clave e o traballo de elementos transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado. Esta materia configurarase neste curso como un proxecto baseado na práctica coral e teatral.

O grupo de 1º EP ao que se dirixe esta programación está composto por 8 alumnos e alumnas con idades comprendidas ao inicio do curso entre os 5 e os 6 anos. Non existen alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo relevantes pero sí alumnos e alumnas con diferencias significativas en relación ao nivel madurativo. Todos estes aspectos serán tidos en conta a nivel metodolóxico.

O coro escolar trabállase dende a firme convicción de que a música é un poderoso vehículo que pode contribuir de xeito crucial ao desenvolvemento emocional e persoal dos nenos/as, ofrecéndolles a posibilidade de medrar sentíndose parte dun proceso creativo. Nos ensaios, máis aló do feito musical, incentívase o traballo en grupo, a tolerancia e a cooperación.

A actividade dramática debe entenderse como un proxecto artístico e, ao igual que calquera outra experiencia nas artes, debe ser contemplada como elemento integrante do currículo educativo. A actividade teatral involucra ao alumno/a de xeito integral, posibilitando a súa mellora en distintos elementos e áreas do currículo. Estados de ánimo, emocións, sentimentos e pensamentos flúen na práctica escénica, o que permite ao alumnado tomar conciencia das súas posibilidades, atravesar fronteiras e acadar novos retos que melloren o seu proceso de aprendizaxe. O taller de teatro proposto neste proxecto ten un carácter práctico, dinámico, participativo e interactivo. Este plantexamento facilitará que a materia resulte atractiva, útil e accesible ao alumnado que a escolla, aumentando as súas capacidades lingüísticas, expresivas e artísticas e o seu uso en experiencias cotidianas, o que favorecerá o desenvolvemento cognitivo, intelectual, artístico e físico do alumno/a, capacitándoos para convivir e participar no ámbito escolar e social de xeito activo e responsable.

O taller planifícase e estrutúrase daccordo a uns obxectivos que poñen en relación o desenvolvemento das capacidades comunicativas e creativas do alumnado con actitudes solidarias e de respecto cara ás ideas dos demais, sen esquecer o carácter estético e de traballo organizado que o término teatro encerra.

Este proxecto será levado a cabo pola mestra especialista en música do centro.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Concretar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	TEATRO (I)	Introducirase ao alumnado na práctica teatral a través de pequenos exercicios e xogos de dramatización e improvisación.	20	10	X		
2	TEATRO (II)	Prepararemos unha obra teatral sinxela para iniciar ao alumnado nesta práctica.	35	10		X	
3	TEATRO(III)	Perfeccionaranse as obras teatrais traballadas durante o curso, introduciranse outras novas e presentaranse en público. Colaboraremos co alumnado de 2º de primaria.	45	15			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	TEATRO (I)	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia das diferentes manifestacións artísticas como vehículo de expresión e comunicación.	TI	100
CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais		
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización.

UD	Título da UD	Duración
2	TEATRO (II)	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións planificadas.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	TEATRO(III)	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar a campaña publicitaria.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo de todo o curso levarase a cabo o seguinte proxecto: "Teatro na escola".

A metodoloxía empregada guiará os procesos de ensinanza-aprendizaxe desta materia e dará resposta a propostas metodolóxicas que consideren a atención á diversidade e o acceso de todo o alumnado á educación común. Empregaranse métodos que, partindo da perspectiva do profesorado como orientador, promotor e facilitador do desenvolvemento cocompetencial no alumnado, se axusten ao nivel competencial inicial deste e teñan en conta a atención á diversidade e o respecto polos diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe mediante prácticas de traballo individual e cooperativo.

O coro e o taller de teatro esixen unha metodoloxía activa, pois o alumno/a é o verdadeiro/a protagonista da clase. A mestra será a encargada de potenciar as capacidades do alumnado, propoñer as obras a traballar e actividades, xogos dramáticos ou temas. A mestra deberá dinamizar o grupo e negociar con él para que cada un dos seus membros vexa reflectidas as súas opinións e aprenda a valorar as súas iniciativas e as dos demais. Trátase dunha materia eminentemente práctica e participativa no desenvolvemento de tódalas actividades, que permite aproveitar e facer uso de elementos lúdicos para a aprendizaxe, xunto coa improvisación e a creatividade. Tamén será importante o trato individualizado. Asimesmo, buscaráanse propostas acordes á realidade do alumnado e en relación cos seus intereses.

Esta metodoloxía activa supón atender a aspectos íntimamente relacionados co clima de participación e integración do alumnado no proceso de aprendizaxe; a integración activa dos alumnos/as na dinámica xeral da aula e na

adquisición e configuración das aprendizaxes; a participación no deseño e desenvolvemento do proceso de ensino_ aprendizaxe; a constante motivación do alumnado, partindo dos seus intereses, demandas, necesidades e expectativas; arbitrar dinámicas que foment4en o traballo en grupo; a atención á diversidade do alumnado tendo en conta os seus diferentes ritmos de aprendizaxe así como os seus intereses e motivacións,.

A actividade sobre o escenario será o motor e principal fonte de experiencias. A materia, pois, será considerada máis como un medio que como un fin en sí mesma e suporá un camino de maduración e superación personal así como un vehículo de interacción social e cohesión para o noso alumnado.

Neste proxecto, trabállanse as todas as competencias clave contribuíndo interdisciplinarmente as seguintes áreas:

- Lingua Castelá (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...)
- Lingua Galega (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...)
- Ciencias Sociais (espazos e lugares do mundo, momentos históricos,...)
- Educación en Valores Cívicos e Éticos (comportamento social, respecto á cultura propia...)
- Educación Plástica e Visual (deseño e confección de vestiario, murais, carteis...)
- Música e Danza

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
guións teatrais
carpeta
Lapis, pinturas, gomas, tesoiras...
Teas, papel de patronaxe, papel de deseño, panos de mesa...
Pizarra dixital
Ordenador
Vestiario variado, aros...

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo grupal.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias. Os resultados de dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	20	35	45	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Entre os procedementos de avaliación:

- PRIMEIRA AVALIACIÓN: Presentación do traballo realizado no festival de inverno
- SEGUNDA AVALIACIÓN: Consolidación do traballo da primeira avaliación/interpretación dunha obra de teatro
- TERCEIRA AVALIACIÓN: Concerto de fin de curso.

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e táboas de indicadores asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais, presentación, orde, limpeza,....

A nota ordinaria en xuño é continua.

Criterios de recuperación:

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar tarefas específicas e pautadas para traballar diferentes aspectos relacionados con este proxecto.

A nota de cada trimestre calcularase en función a unha táboa de indicadores na que se avalían distintos aspectos como a presentación da tarefa, orde, limpeza... Esta representará a nota da avaliación parcial correspondente.

6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos/as con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura	X	X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia Dixital	X	X	X
ET.5 - Fomento da Creatividade, do Espírito Crítico e Científico	X	X	X

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.
- Fomentaranse as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor y a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo/a e o sentido crítico.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Participación no festival de inverno	presentación do traballo realizado no primeriro trimestre (coro)			
Participación nas Letras Galegas	representación dunha obra de teatro			
Participación no festival de fin de curso	Concerto final do coro e representación de novas obras de teatro			

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación
Metodoloxía empregada
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Adecuación á temporalización das unidades didácticas
Medidas de atención á diversidade
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades
Clima de traballo na aula
Participación activa de todo o alumnado
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do profesor, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

9. Outros apartados